



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

O Concello de Pontecesures invita a maiores e pequenos a participar no Concurso de Disfraces que terá lugar o Domingo 26 de febreiro de 2017.

As 17 horas todos os participantes deberán estar na rúa Portarraxoi (esquina Rúa Ullán), dende onde sairá ás 17.30 h. O Desfile de Entroido, pasará pola rúa San Lois, Travesía da Estación, rúa Rosalía de Castro, rúa Sagasta e rematará na Prazuela. O Xurado acompañará o desfile para ter tempo de valorar ós participantes. O percorrido poderá sufrir modificacións, notificándollo antes da saída ós participantes.

BASES

1.- As **inscricións de grupos e comparsas** poderán realizarse ata as 14.00 horas do venres 24 de febreiro nas Oficinas do Concello. Tamén poderán formalizarse as **inscricións o mesmo día do concurso para individuais e parellas**, das 16 h. ata as 17 h. A partir das 17 h. péchase o prazo de inscrición.

2.- Como condición indispensable, todos os participantes no concurso deberán desfilar no pasarrúas.

3.- Os inscritos só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio.

4.- Todos os inscritos aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

5.- Establécense catro categorías principais:

- Infantil. Parellas e individuais de 0 a 14 anos.
- Adulto. Parellas e individuais de 15 anos en diante.
- Grupos. De tres a nove persoas integrantes de calquera idade.
- Comparsas: 10 ou mais integrantes de calquera idade.

6.- Os disfraces gañadores de anos pasados non poderán volver a competir.

7.- A entrega de premios farase na Plazuela ao remate do desfile. Os que resulten gañadores do concurso deberán recoller eles mesmos o premio ataviados co disfraz que lles valeu o devandito premio, e no momento da entrega un adulto que se identificará cun DNI orixinal os acompañará para firmar o recibín correspondente. O fallo do xurado será inapelable e poderá declarar premios desertos se o considera oportuno.

8.- A participación no desfile e concurso supón a aceptación destas bases.

9.- En caso de choiva o Desfile e Concurso de Entroido quedará suspendido.

PREMIOS	INDIVIDUAL		PARELLA		GRUPO		COMPARSA					
INFANTIL DE 0 A 14 ANOS	1º	50 €	1º	60 €	1º	250 €	1º	700 €				
	2º	30 €	2º	30 €								
	3º	20 €	3º	20 €	2º	150 €	2º	500 €				
ADULTO + DE 14 ANOS	1º	75 €	1º	100 €					3º	100 €	3º	300 €
	2º	50 €	2º	75 €								
	3º	30 €	3º	50 €								